Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN : FACTOR PREZO) DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES.
POS + 2017 COMPLEMENTARIO.

En Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2018, procedeuse á clasificación de ofertas no procedemento de subministración e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Milladoiro do Concello de Ames. POS 2017 complementario, segundo proposta da Mesa de Contratación reunida o 18 de maio de 2018.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado, con data 30 de maio de 2018, ao licitador clasificado en primeiro lugar (R.S. 2018/00000003368,), así como aos demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez achegada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o dito contrato de subministración e instalación.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable, con observacións, da Intervención Municipal, informe 247/2018 de 25 de xuño.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

***Primeiro.- Adxudicar o contrato para a subministración e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Milladoiro do Concello de Ames** á empresa **Medulio Servicios Y Obras Sl** con CIF B-70195870, e nas seguintes condicións:*

*A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de cincuenta e tres mil novecentos noventa e nove euros e corenta céntimos **(53.999,40.- euros)** sen IVE.*

*B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a cantidade de once mil trescentos trinta e nove euros e oitenta e sete céntimos **(11.339,87.- euros).***

*C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **15 días**, contados a partir do día da sinatura do contrato, podendo prorrogarse polo Concello se circunstancias particulares ou excepcionais así o aconsellan.*

*D.- Nomear **como director** de obra e coordinador de seguridade e saúde da subministración e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Milladoiro do Concello de Ames á empresa Salgado y Liñares SL.*

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

***Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vinte e nove de xuño de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925